



Antonio Reigosa, Maite Ferreiro e Lois Pérez, onte.

A AELG analiza as máscaras tradicionais Lugo acollerá unha xornada de estudo e debate sobre o Entroido

Redacción | Nós Diario

A Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega (AELG) organizará o vindeiro 22 de outubro a XIV Xornada de Literatura de Tradición Oral 'Entroido. Transgresión e tradición', que conta co apoio institucional da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

O evento decorrerá no Pazo de San Marcos (Lugo). Durante toda a xornada, expertos e expertas abordarán a temática en conferencias e mesas redondas. Entre os relatores e relatoras xa confirmadas destacan Felipe-Senén, Julio I. González

Montañés, Nieves Amado Rolán, Mercedes Vázquez Saavedra e Xosé Manuel Seixas.

No acto de presentación de onte, a vicepresidenta da Deputación de Lugo, Maite Ferreiro, e os coordinadores da xornada, Antonio Reigosa e Lois Pérez, explicaron que o obxectivo deste evento é "ampliar o traballo de documentación e difusión da tradición oral que a AELG desenvolve con esta iniciativa desde 2008".

Ademais, convidaron todas as persoas interesadas a participar, xa que poderán obter unha homologación oficial que acredite os coñecementos obtidos.

Un proxecto reinterpreta o Pranto da Frouseira Música e drama rememorarán en Brión o Reino Medieval da Galiza

Redacción | Nós Diario

O concello de Brión acollerá durante as vindeiras semanas o desenvolvemento do proxecto *Eu son de vos muito maravillado*, premiado no certame Fondo de proxectos Culturais Reino da Galiza 2021-2022 convocado polo Servizo de Cultura da Deputación da Coruña -no que tamén foi seleccionado o proxecto de Sermos Galiza S. A. *Os reis e raíñas da Galiza. 1.000 anos dun reino de seu-*.

A proposta que decorrerá en Brión mestura a creación literaria, a lectura escénica dramatizada e a música antiga interpretada con instrumentos tradicionais. O espectáculo conta coa colaboración do Grupo de Música Antiga 1500, o actor Xosé Manuel Fernández Castro e a narradora e poeta Eva Veiga.

O vindeiro 21 de outubro será o día no que se presente o proxecto, nun acto que decorrerá na sala municipal de exposicións da Casa da Cultura de Brión e contará coa intervención do historiador Anselmo López Carreira, o filólogo Xosé Ramón Pena Sánchez e o músico



Integrantes do Grupo de Música Antiga 1500.

co e investigador Andrés Díaz Pazos. A continuación, terá lugar unha reinterpretación do Pranto da Frouseira a través de poemas compostos por Eva Veiga, Elvira Ribeiro e Luís Valle, e interpretados por Belén Bermejo (voz) e Andrés Díaz (viola e laúde).

Acto principal do proxecto

O acto principal de *Eu son de vos muito maravillado* desenvolverase ena Igrexa de Santa María dos Ánxeles, cun concerto que "percorre os principais fitos históricos da época, com-

binado con citas entresacadas das poucas fontes históricas e documentais que restan, para desvelar os acontecementos, non sempre coñecidos e, as máis das veces terxiversados, que marcaron a nosa historia".

No proxecto musical participan Carlos Castro, Andrés Díaz, Belén Bermejo e artistas convidadas como a frautista e cantante Lorina Vallaster, do Vivid Consort, a violagambista María Danneberg e Jordi Giménez, profesor de sacabuxa na Esmuc e integrante do grupo La Caravaggia.

No evento difundirase a actividade de profesionais da tradución da Galiza

A Feira do Libro de Frankfurt conta coa presenza de 14 editoriais galegas

Redacción | Nós Diario

Máis dunha decena de editoriais galegas participan desde hoxe e até o 23 de outubro na Feira Internacional do Libro de Frankfurt, en Alemaña.

As empresas editoras que están presentes son Almacén de Fábulas, Editorial Bululú, Catro Ventos, Demo Editorial, Dous Acordes, Doutor Alverio Editora, Edicións Fervenza, Lúdica, Medulia, OQO Editora, Small Station e Teófilo Edicións.

As editoriais dispoñen dunha caseta na que mostran 258 obras para o público asistente, correspondentes ás últimas

novidades. Aliás, dase a coñecer información sobre o traballo dos profesionais galegos da tradución literaria, integrados na Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (Agpti).

Por outra parte, tamén estará dispoñíbel o catálogo dos autores e autoras con obra traducida ao inglés, así como información sobre os sistemas de apoio á ilustración que realiza a Asociación Galega de Profesionais da Ilustración (AGPI).

Presenza de Galaxia

Pola súa parte, a Editorial Galaxia e a Escola de Letras da De-

putación de Pontevedra tamén participarán na septuaxésimo cuarta edición do encontro literario internacional.

A presidenta da Deputación, Carmela Silva; o director da Editorial Galaxia, Francisco Castro; e a docente do claustro da Escola e escritora, Inma López Silva, presentarán mañá o proxecto da Escola de Letras, nun acto que decorrerá baixo o título 'Ensinar a escribir. A Escola de Letras de Pontevedra'.

Hoxe é a quenda dun encontro entre Carmela Silva, Francisco Castro e López Silva coa directora xeral do Libro e o Fomento da Lectura, María José Galvéz.



Sala expositiva da mostra inaugurada na sede de Afundación.

Inauguran en Compostela a IV Mostra Internacional de Ilustración Contemporánea

Redacción | Nós Diario

Onte inaugurouse en Santiago de Compostela a IV Mostra Internacional de Ilustración Contemporánea (MiiC), que estará aberta até o 18 de febreiro. Baixo o título 'Imaxinaria', a presentación contou coa presenza da comisaria da mostra, Matilde Rodríguez, e da coordinadora adxunta da Área de Cultura de Afundación, Paloma Vela. A mostra conta con pezas de Víctor Castelo, Cristina Daura e Rafael Silveira, entre outros.